

Un ano máis cúmpreme gustosamente prologar un novo libro correspondente á IX edición do Certame MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ e véñenme á mente dúas reflexións:

A primeira, ¿que é un libro?, un medio que se converte en firme transmisor dos sentimentos, das reflexións, das ideas e das palabras de quen as relata, converténdose en alimento do espírito humano. Xa dicía F.G. Lorca: “Que tenía más lástima de un hombre que quiere saber y no puede que de un hambriento, porque un hambriento puede calmar su hambre fácilmente con un pedazo de pan o fruta, pero un hombre que tiene ansias de saber y no tiene medios sufre una terrible agonía”.

Son pois, os libros, a ferramenta axeitada para loitar contra a escuridade da ignorancia, son a conciencia da sociedade. É suficiente botar unha ollada ó desenvolvemento da humanidade para poder comprobar que todo xira en torno ós libros, como exemplo lembrarnos da Biblia, Corán, Dereito Romano.....como deixou dito Voltaire “Todo o mundo civilizado gobiernase por uns cantos libros”.

Esta reflexión vén a conto do desexo do noso poeta “de se converter en axente dinamizador da cultura na perdura dos tempos”, abofé que o está a conseguir dende este humilde Certame, dando oportunidade ás mentes vivas e privilexiadas que queren espallar as súas inquiredanzas, auspiciando así a eternización dos seus pensamentos a través, como non podía ser doutra maneira, dos libros.

A segunda reflexión vén a conto do ano que estamos rematando, primeiro Ano Santo do Milenium e cheo de sucesos moi cercanos a Manuel, quen a carón de Deus é máis coñecedor ca min do acontecido. Non poido deixar de lembrarme dos pensamentos que me transmitía, tanto do feito Xacobeo coma do seu amor polo rural, da repudiada emigración hoxe a medias rematada, digo a medias pois agora comezamos a ser receptores de inmigrantes pero as nosas mellores mentes seguen a voar a países ou rexións onde son mellor valoradas.

Si amigo Manuel, canto reflexionaches e escribiches sobre PARADELA, no Camiño, na súa realidade histórica, dende o nome do pobo ata o Mosteiro de Sta María de Loio, cuna da Orde dos Cabaleiros de Santiago (1170/1171), con que acerto augurabas o rexurdimento das peregrinacións masivas, do valor que tiñamos esquecido como vieiro máis importante da Cultura Universal, como crías no feito Xacobeo, con que agarimo

nomeabas os pobos por onde pasaba o Camiño que parecía unha armoniosa sinfonía: “Ferreiros, Mirallos, A Pena, O Couto, Rozas, Moimentos, Marcadoiro, Moutrás, A Brea, A Parrocha, Vilachá”, cada un co seu significado, coa súa enraizada historia.

Tiven, este ano, a sorte de cumprir un desexo de anos atrás, peregrinar desde Roncesvalles a Santiago e asegúroche que foi o mellor que me pasou nos últimos anos, vinte e catro días cheos de vida envolta nun ronsel de razas e culturas. Como disfrutei lembrándome das túas afirmacións sobre a valía da cultura dos pobos, a forza do sinxelo como xeito de vivir na beleza que a vida nos regala, do enriquecemento persoal a través do diálogo e do coñecemento alleo. Puiden comprobar a túa teima sobre o enmudemento do rural, como está a morrer, como se perde unha fonte de vida xunguida á terra, ó natural . Que mágoa que o rural esmoreza dende o esquecemento das diversas Administracións e a falla de sensibilidade das novas xeracións que prefiren asentarse no bulicio da cidade. O teu libro “Reencontro coa aldea” que tan axeitadamente prologou o profesor Alonso Montero: “este que tendes nestas páxinas é Manuel Rodríguez López de corpo enteiro: co seu amor á aldea, co seu dominio de galego das terras de Sarria, coa súa visión elemental (e sincera) dos feitos, coa súa sinxela e grande capacidade comunicativa.....pro todo esto contado de tal xeito que a aldea está captada e as súas xentes retratadas. Certamente, sentímo-la aldea”, con data de publicación en marzo do 1983, segue a ser actual.

Non me cabe máis que felicitar ós gañadores deste Certame, na modalidade de poesía, Dna. María Goretti Fariña Caamaño e dous accésit de D. Manuel Luque Tapia e Dna. María Rey Torrente, e na modalidade de narrativa a D. Francisco Piñeiro González e dous accésit para D. Vicente Javier García Gómez e D. Andrés Albuerne de Frutos.

En canto ós lectores, que disfruten deste libriño que fai o número IX dunha colección erguida desde a vontade de contribuír ó espallamento da cultura e alentar a tantos homes e mulleres que teñen a grandeza de producir obra literaria.

Paradela, Outono de 2004

Xosé M. Mato Díaz